



## Labouras agrícolas


### O branqueado e "dovanado"

# O liño

#### O B R A N Q U E A D O

As labouras que require o proceso do liño aínda non remataron. Atrás quedan as longas noites de inverno nas que invertimos o noso tempo en fiar e ensarillar, esperando que chegasen os meses de Maio e Abril para continuar o labor.

Desencartaremos as cadeixas que fomos gardando para escomenzar a branquealas. Prenderemos camiño, coa tina na cabeza, cara o río coma antigamente, ou farémolo nos lavadeiros. Chegados alí agarraremos cadeixa a cadeixa e irémolas metendo na auga e batendo forte contra o lavadoiro unha e outra vez, até que conquiramos que a auga as ablande e se desprenda a aresta que lles poida quedar, deixándolas logo que escorran a auga para poder traelas novamente para casa.



*Lavando as cadeixas.*

Foto: **Carlos G. Hervella**

Chegado con elas a casa, e tan pronto como nos sexa posible emprenderemos o verdadeiro proceso que as levará a obter a característica cor crú, xa que era de grande estima para as mulleires conquistar un lenzo e unha estopa o máis branco posible.

O primeiro proceso ao que se

deberán someter as cadeixas é a coción, que faremos nun caldeiro de cobre con suficiente auga fervendo, ao que lle engadiremos cinsa de carballo que fomos gardando ao longo do inverno, libre dos restos de carbón que lle quitamos cunha criba fina. Ás veces engadíáselle unha pequena parte de xabón raiado no momento de


cocelas, para conquistar un aspecto máis suave.

Cando xa temos a cinsa no caldeiro coa auga fervendo iremos meténdo as cadeixas pouco a pouco, poñéndoas ao redor das paredes, deixando deste xeito sempre o medio libre; engadiremos cinsa cada vez que poñamos unha cadeixa dentro. A auga que teñamos no caldeiro deberá estar morna e cubrir sempre as cadeixas, tendo un aspecto de masa non moi densa.

Deberán permanecer cocendo

con lume que as faga ferver continuamente unhas seis horas, aínda que pasado este tempo deberase deixar enfriar a auga coas cadeixas dentro. É indispensable que durante a coción permanezan constantemente cubertas de auga, se fixera falla engadíriámoslle auga morna.

Cando a auga estexa fría sacarémoslas e, de inmediato, lavarémolas ben para limpalas dos restos de cinsa que lle quedaron e porémolas a secar ao sol, tendo a precaución de regalalas moito e lavarlas a miúdo durante tres días.



*Cribando cinsa de carballo.*

Foto: Carlos G. Hervella

De seguido hai que facerlle ás cadeixas «a colada». Consiste en poñelas no medio dun corcho circular, cunha saba no seu extremo inferior, enriba da que -e sempre no interior do corcho-, iremos pondo axeitadamente cadeixa a cadeixa, regadas con auga quente e xabón raiado, dispostas en forma de capas, nesta disposición deixámolas ao longo dunha noite.

E xa, finalmente, «refriarémolas», termo este que empregaremos para definir a última parte do proceso do branqueado que consiste en sacalas do corcho, lavalas e «espalmalas» ao sol e ás xeadas das noites do mes de Abril, unha e outra vez até que estexan brancas dabondo. Para extender as cadeixas deberémolle facer un «coxal» suficientemente longo que permita espalmalas ben.

Cando as cadeixas acadaron a brancura desexada, lavarémolas unha vez máis e deixarémolas secar, extendidas ao sol, sobre a herba verde para logo gardalas na procura dun novo proceso que será o dovanado.

## D O V A N A D O

O traballo do liño, no que a preparación do fio se refire, vai completando o seu ciclo. Agora será o momento de converter as cadeixas en «ovillos» ou novelos de fio; para iso dispoñemos da «dovadoira», que é un aparello de madeira, composto dun eixo vertical sobre unha base, tamén de madeira, que forma unha especie de caixa que servirá para ir depositando os ovillos. Sobre este eixe, dispoñanse horizontalmente dúas estreitas e iguais táboas formando unha aspa, encaixadas entre sí por un rebaixe no goso da madeira e fixadas a súa vez ao



*Espalmando  
as cadeixas.*

Foto: **Carlos G. Hervella**

*Ensarillado.*

Foto: **Carlos G. Hervella**

eixe da dovadoira por un pequeno eixo de ferro sobre o que xirarán a medida que vaiamos tirando dunha punta de cadeixa para illa envolvendo no novel.

Para suxeitar a cadeixa nas aspas da dovadoira poñeremos na punta de cada unha delas, un fuso metido coa maíza no furo de cada aspa. Logo fixaremos a cadeixa sobre as aspas, soltarémolle o coxal e agarraremos a punta da cadeixa que sobre unha «boullaca» iremos devanando para ir facendo o novel.

Nos dedos da man coa que tiremos do fío da cadeixa teremos a precaución de coller un anaco de trapo de lenzo chamado «pidoiro», que nos sirva para protexer os dedos e apretar o fío, xa que ao momento que o imos envolvendo no novel, temos que apretalo o máis que se poida o cal pode dar lugar a cortes. A medida do novel será a da man.



**JOSÉ LUÍS MARTÍN DOMÍNGUEZ**


Naceu en Trabazos de Aliste (Zamora) en 1961

Licenciado en Medicina. Foi Concelleiro de Cultura do Concello de Viana do Bolo. Actualmente é Técnico de Desenvolvemento Local do Programa LEADER II do País do Bibei-Ribeira Sacra.

**PILAR TAMERÓN MONTESINOS**

Naceu en Viana do Bolo en 1966

Licenciada en Socioloxía. Desempeña na actualidade o cargo de Sociólogo no Concello de Viana do Bolo.



*As familias da aldea reúnen-se durante as noites de inverno a redor do lume constituindo un ou varios fideiros.  
Debuxo de Luis cid*